


A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMIENTO CRÍTICO



TOMO III./ ANO XX./ 2009

Xullo • Agosto • Setembro

S E P A R A T A

gotelo blanco

LUÍS LAMELA GARCÍA:
ESCAPADO.
DO MONTE DO PINDO AO EXILIO
PASANDO POLA ILLA DE SAN SIMÓN

Vigo: Xerais, 2009

Miro Villar

John Thompson, profesor da Universidade do Estado de Montana, no seu recente ensaio *As novelas da memoria* (2009) presenta como apéndice unha «Lista cronolóxica das novelas escritas en galego que afondan na II República, na guerra civil ou na ditadura» na que relaciona até 43 títulos que van desde *Non agardei por ninguén* (1957) de Ramón de Valenzuela até *Os libros arden mal* (2007) de Manuel Rivas. Agás *Mementos de vivos* (1974) de Alfredo Conde, *O silencio redimido* (1976) de Silvio Santiago e *Aqueles anos do Moncho* (1977) de Xosé Neira Vilas, o resto dos títulos foron publicados despois do primeiro goberno democrático elixido nas urnas.

Nesa longa serie están moitos dos grandes nomes da literatura galega que se achegaron a esta temática desde perspectivas moi diferentes, mesturándose as crónicas persoais autobiográficas dos xa citados Ramón de Valenzuela e Silvio Santiago, de Carvalho Calero no

seu *Scórpio* (1987) ou de Aníbal Otero en *Esmoriz* (1994), coas puramente ficcionais, por moito que estas veñan alicerzadas en múltiples episodios históricos, como sucede nos textos de Rivas e nos de moitos outros autores.

O profesor John Thompson ten subliñado que a novela pode contribuír á recuperación da memoria xa que: «Un texto historiográfico achega, por suposto, o rigor científico necesario pero para a maioría da cidadanía, que non adoita ler ensaios históricos, a ficción narrativa ofrece experiencias vicarias, acceso a emocións que se ofrecen como o vehículo máis axeitado para coñecer as experiencias que tiveron lugar durante ese período. As novelas son idóneas en canto que ofrecen a posibilidade de *vivir* imaxinarios colectivos, cheos de emoción, que actúan dun modo máis directo que un discurso científico. O lector accede a unha viaxe na historia que se transforma nunha experiencia que liga o pasado co presente».

Desta volta, o investigador e especialista en estudos sobre a memoria histórica, Luís Lamela García achégase, con éxito, ao xénero narrativo para nos trasladar o relato dun personaxe Teófilo Caamaño Formoso, «O Cantolo», natural de O Pindo (Carnota), que non é trasunto de ningunha persoa real, mais que serve como fío que une as historias de moitos outros personaxes reais que o autor da novela coñece ben grazas ás súas demoradas e produtivas esculcas nos arquivos civís e, sobre todo, militares, así como na recollida de testemuños orais, un abondoso material obtido canda a elaboración dos seus moitos ensaios sobre a materia, nomeadamente *Pepe Miñones: un crimen en la leyenda (1900-1936)* (1991) e *Crónica de una represión en la «Costa da Morte»* (1995), a miúdo autorrefenciados e que incluso se citan nas notas a rodapé desta novela.

A profusión de datos reais posiblemente levase aos editores a situar o texto na colección denominada «Crónica» e non na «Narrativa». Velaí un dos debates máis controvertidos da actualidade, enfrontar o concepto de «novela histórica» ao de «historia novelada», a primeira debe ofrecer verosimilitude aínda que os seus personaxes principais sexan produto da *inventio*, mentres que na segunda prima o carácter ensaístico. Non é aquí o lugar para entrarmos nese debate, mais os editores escollen o carimbo de crónica e semellan achegarse máis á segunda concepción. En calquera caso, é obvio que detrás destas páxinas hai ficción, mais tamén unha grande acumulación de material documental que retrata episodios e personaxes históricos até hoxe ninguneados absolutamente pola historia oficial. E esta achega convértese nun ingrediente a maiores para lermos con avidez as páxinas do libro.

Co recurso narrativo do *flash back*, o relato constrúese desde o contido dunha maleta (de feito, o autor ten confesado que o mecanoscrito orixinal levaba como epígrafe *A maleta do roxo*) que atesoura un mangado de follas, documentos, gravacións e fotografías que caen en mans dun investigador (trasunto do autor) despois da morte do protagonista. E con isto non lles estamos a desvelar o final que xa se intúe (como sucede tamén en *Agosto do 36*, de Fernández Ferreiro, un dos mellores textos sobre esta temática), porque a emoción da novela reside no propio desenvolvemento da acción narrativa e no coñecemento dos personaxes que a poboan. «O Cantolo», octoxenario, regresa tras 62 anos de ausencia desde o seu exilio nos EE.UU. até a súa localidade natal e xa nas primeiras páxinas sabemos que ninguén vai agardar a súa chegada, nada máis que as lápidas dos mortos cos que vai dialogar no camposanto da parroquia, seres queridos como súa nai María e tamén a súa

moza Enriqueta, que fixeran moitas e infrutuosas xestións pola súa liberdade, ou como un mestre nacional represaliado, que se converten en duro e xustificadamente reproche cando bate coa sepultura dalgún dos suxeitos que colaboraron na represión franquista.

As palabras que retumban unha e outra vez na cabeza de Teófilo, pronunciadas polos represores, os falanxistas *Bigotitos* e *Legionario* e o garda civil Pellicer, serven tamén para dar inicio e cabo a esta novela: «— ¡Roxo cabrón! ¡Fillo de puta! ¡Maldito comunista! ¡Vas morrer coma un can!...». Neste marco transcorren os 32 capítulos que narran a fuxida ao monte do Pindo de moitos republicanos (máis de 130 figuraron como «prófugos» na documentación da Garda Civil), anarquistas, comunistas, socialistas, mais tamén moitos homes sen adscrición ideolóxica que só querían evitar o feito de ser enviados ao fronte de batalla, nunha guerra que non era a súa e que tiñan a crenza de que a «militarada», o golpe militar, tiña os días contados.

Os primeiros capítulos que narran a historia dos «escapados» ao monte son os máis áxiles da novela e coñecemos con detalle toda a dureza da estadía nos agochos, a fame, o frío, as diversas formas de comunicación cos familiares do lugar, os avisos perante a presenza dos represores (como esa saba branca no mastro dun almacén ou aquel neno a berrar polas rúas ¡*homesaomonte!*). Unha boa mostra desa querencia polo detalle é cando se relata a procura de auga polos fuxidos e na narración aparece unha deliciosa recollida de microtoponimia de fontes, pozos e regatos (como a Fonte Paxariña ou o río Boutureiro) ou tamén dos nomes das espenucas que os agochan do inverno (como a Furna da Moa ou a Cova dos Mórceghos).

Nesta parte salienta a violencia, de primeiras na morte do fuxido «Marrolas» a mans dos represores e cuxo cadáver, desaparecido, sempre foi un enigma sen resolver. Ou tamén, nas torturas físicas e psicolóxicas a familiares dos escapados na Confraría de Pescadores do Pindo. E aínda, logo de seren apreixados no monte, o episodio intitulado «Tortura en Corcubión», onde estaba o cuartel da Garda Civil, ao propio Teófilo, unha das poucas escenas nas que a omnisciencia do narrador heterodiexético deixa paso a unha narración autodiexética en primeira persoa e protagonista. A brutalidade da escena enerva os nosos sentidos, tal e como sucede nas mellores páxinas literarias, e poderíamos lembrar agora a Mario Benedetti, aquel seu conto intitulado «Péndulo», de *La muerte y otras sorpresas*, ou a súa obra de teatro *Pedro y el capitán*.

A seguir virán o documentado Consello de Guerra na Base Naval do Ferrol, a condena a 12 anos e 1 día, o traslado a San Simón e, novamente, a angustia e o terror que nos invade cando lemos as paradas da expedición, ás veces asociadas a «paseos», como ocorre con catro dos detidos na altura de Ordes, aos que se lles vai aplicar a tristemente coñecida Lei de Fugas.

Se o primeiro nó da novela estaba situado no monte Pindo, o segundo vai estar durante moitas páxinas na illa de San Simón, o antigo lazareto convertido en penal. Aquí a peripecia persoal de Teófilo Caamaño Formoso, «O Cantolo», pasa a un segundo plano para facer visibles outros rostros de represaliados e de represores. Esta galería de personaxes, adoito ben caracterizados, complétase co relato minucioso das condicións da prisión, da cativa organización clandestina do PCE, das tentativas de fuxida (só sobreviviu 1 dos 25 reclusos que o intentaron), das sacas que agrandaban o número de vítimas e incluso das extorsións

que algúns dirixentes do penal exercían sobre os presos, coa promesa de colaboraren na súa liberdade.

A fuxida de Teófilo, que non detallaremos, serve para devolver o personaxe ao Pindo e para facer que sexa copartícipe nunha nova fuxida en barco. Aquí as páxinas recollen o secuestro do pesqueiro muradán As e a dureza da travesía no océano, como antes o fixeran coa fuxida ao monte, e que terá o seu desenlace coa chegada a Plymouth e coa posterior repatriación dos evadidos ao territorio aínda en mans republicanas.

A batalla do Ebro, con Teófilo na XII Brigada do galego Enrique Lister, as disputas internas republicanas, a caída de Barcelona e a derrota final, o durísimo camiño do éxodo cara á fronteira francesa e a obrigada reclusión dos republicanos nos campos de acollida, co desprezo das autoridades francesas. Nun deles está tirada a fermosa e inédita foto de portada, que recolle a varios refuxiados no campo de Septfonds en 1939. A sorte posterior foi diversa. Así, entre os que quedan aínda está para algúns a morte nos campos de concentración nazi, como Mauthausen. E entre os que poden escoller o camiño do exilio tamén está a mítica travesía do Winnipeg, auspiciada entoutros polo poeta Pablo Neruda, que levou un grupo até Chile, e onde Luís Lamela tamén sitúa a Teófilo antes do seu exilio definitivo nos EEUU.

A progresión narrativa, coa sucesión dos episodios reseñados e de moitos outros, só se altera co regreso ao presente no que o vello octoxenario reflexiona sobre todo o acontecido, quer no cemiterio parroquial, quer na súa derradeira subida ao monte Pindo. Porén, non resulta acumulativa tanta presenza de historias, personaxes e espazos, pola contra contribúen a enriquecer o relato e serven como lección da historia, para defender a memoria como dignidade persoal e colectiva. De feito, desde o máis alto do monte, na Pedra Cabalgada, o personaxe protagonista dirá contra o vento: «— ¡Escoitádeme con atención, porque cando eu morra non quedará ninguén que vos poida contar isto!...».

Este e outros cometidos, así como a emoción, son transmitidas nestas páxinas onde tamén hai xermolos para outras historias entre os moitos documentos da maleta do «roxo». Así, no arrepiante testemuño da estadía de Luís de Manuela no campo de exterminio de Mauthausen, do que logra fuxir, que se narra no capítulo «Carta do inferno ao exilio», e na súa morte en combate tentando liberar o val de Arán nun fanado operativo da Agrupación de Guerrilleiros, relatado no capítulo «Morrer por un soño», está a cerna do que poidera ser outra boa novela, e, despois de lermos estoutra, Luís Lamela ten a documentación e a habilidade narrativa precisas para acometer esta tarefa.